



## Narcissus cyclamineus (*Narcissus cyclamineus*)



**NOME COMÚN**  
Narcissus cyclamineus  
**NOME CIENTÍFICO**  
*Narcissus cyclamineus*  
**CLASE**  
Plantas superiores  
**FAMILIA**  
Amaryllidaceae

### DESCRIPCIÓN

Planta herbácea con bulbo de 15 mm de diámetro que emerge un escapo e 2-3 follas lineares e acanaladas. Presenta unha única flor solitaria de cor amarela intensa, péndula, con 6 tépalos lineares curvados cara atrás. A coroa da flor ten a mesma lonxitude que os tépalos e o seu bordo é festonado. Estípula de igual lonxitude que a flor.

### REPRODUCCIÓN

Entomófila. Florece en febreiro-abril.

### HÁBITAT

Beiras de cursos de auga.

### DISTRIBUCIÓN

Especie endémica de Galicia e norte de Portugal. En Galicia parece ser máis frecuente na provincia de Ourense.

### ESTADO DE CONSERVACIÓN

A súas poboacións sufriron as consecuencias da alteración do réxime hidrolóxico dos ríos debido á instalación de centrais e minicentrais hidroeléctricas.

### CATEGORÍA DE CONSERVACIÓN

*Vulnerábel.*